



COLEXIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SALADINO CORTIZO


IV Concurso de podcasts- Radio na biblio

"DOMADORA DE SERPES"

O alumnado protagonista deste podcast pertence o ciclo de tránsito á vida adulta sur e ten entre 16 e 21 anos.

O punto de partida foi Florencio Delgado Gurriarán, o escritor o que se lle dedica este ano o día das letras galegas. A poesía escollida para ler foi "Domadora de serpes" xa que os animais é unha temática que lle gusta moito os nosos alumnos e alumnas.

A melodía da entrada do podcast é a cabecilla da emisora da radio do centro. E a música que acompaña a poesía foi creada polos propios rapaces e o profesor de música, o cal foi un proceso moi divertido.




A NOSA EXPERIENCIA

O primeiro paso para a grabación do podcast foi informarnos e buscar información sobre Florencio Delgado. Despois buscáronse os seus poemas e entre todos escolleuse un poema alegre, de animais e que nos permitise participar a todos.

Moito do noso alumnado non ten linguaxe oral e ten moitas dificultades na atención. A pesar disto a grabación do podcats foi unha actividade moi motivante para eles, o que lles fixo querer participar a todos.

Cada alumno e alumna tivo que practicar a súa parte, coa axuda de pictogramas e debuxos nalgúns casos. Nas sesións de audición e linguaxe reforzábase a pronuncia. Ademáis na aula e na casa, coa colaboración das titoras e da familia, practicaban a lectura da súa parte da poesía.





O podcast grabouse na biblioteca cos micrófonos, situación que lles gustou moito e incentiváballes a esforzarse e facelo mellor despois de escoitarse. Polo que a radio é unha boa ferramenta para aumentar a súa competencia lingüística.


A cada un deles explicábaselles a súa parte, cos apoios visuais que precisasen.

Con esta actividade promoveuse o galego, ampliouse o vocabulario, traballouse a lectura, escritura e linguaxe oral e favoreceuse a autonomía e motivación dos alumnos.


Tamén nos animámos a inventarlle un final á poesía, potenciando a orixinalidade do alumnado.


A melodía, o tratarse dunha temática con animais, inspirou os alumnos e o profesor de música a utilizar os instrumentos e recrear os sons de serpes, paxaros e o campo.

Despois de grabar cada parte, utilizouse un programa de edición de son para montar o podcast. E o rematar subíuse o blogue da biblioteca do colexio.



FOTOS





ALUMNADO PARTICIPANTE


Lucía González
Gabriel Alejandro Miranda
Mario Morales
Mario Iglesias
Dimo Mitkov
Pedro Méndez
Sabela Cordeiro
Brais Puertas
David Molinero
María Victoria Camejo
André Lima
Pablo Peláez
Ismael Domínguez

Do grupo de alumnado que participou, dous deles non teñen linguaxe oral e a gran maioría ten moitas dificultades na expresión. Polo que o bo resultado final e a participación de todos eles fixo que este podcast fora unha actividade moi satisfactoria.

PROFESORADO PARTICIPANTE

Mónica González: Mestra de AL
Alejandro Lorenzo: Mestre de Música
Titoras de TVA Sur





GUIÓN-ESCALETA DA PRODUCCIÓN

Música da radio do centro

Presentación do podcast

A neniña brinca á comba nun xardín de algures

Un,

dous,

tres.

Fuxen da retorta serpe

os paxariños dos pés

e as bolboretas das trenzas.

Un,

dous,

tres.

Os paxariños dos pés

fuxen, con medo da cobra.

A túa gorxa, leda frauta,

fai bailar a serpe tola.

Un,

dous,

tres.

Fera enfurruñada, asubía

ao feitizo das túas mans,

e chouta, ergueita, para darche

tráxica aperta no van.

I Mónica

I Lucía

I Mario I e David

I Ismael

I Brais e André

I Pedro

I Viki

I Sabela e Isma

I Gabriel

I Dimo





Un, dous, tres;
un, dous, tres...
rápida estordega,
mais viras e viras
o corpo de vimia
e á cobra alporizas.
Fuxide, paxaros,
que a serpe asubía!
Cantigas na frauta...
Aprisa, neniña!
un, dous, tres,
un, dous, tres...
Amarelo e verde,
de moitas cores é.
Fuxe a serpe ven!
Un, dous, tres...
Anímate a ler.

Despedida do podcast

I Mario M e Pablo

I David

I Lucía

I Pablo

I Mario I e Dimo

I André

I André e David

I Mónica

